

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Como xa temos subliñado en anteriores iniciativas, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supón mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón a súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Un destes aspectos que reforzan a nosa calidade democrática é o nivel de información nas relacións do executivo co poder lexislativo. Nesta liña, o artigo 19.2 da Lei 1/2016 establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano.

Actualmente, figura dispoñible no Portal de transparencia a información relativa aos acordos aprobados no Parlamento durante a IX Lexislatura, pero finalizada esta e rematado o ano 2016 non figura ningún informe que recolla o grao de cumprimento destes acordos.



---

**Grupo Parlamentario**

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cando ten previsto o Goberno galego publicar no Portal de transparencia e Goberno aberto o informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos aprobados polo Parlamento na IX Lexislatura?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/02/2017 12:45:30**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 12:45:43**